

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

Curso 2021-2022

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.1.Introdución.....	5
1.2.Contextualización do centro e do alumnado.....	5
2. DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO.....	5
2.1.Profesorado.....	5
2.2.Distribución do alumnado.....	6
2.3.Organización espacial.....	6
3. O CURRÍCULO LOMCE.....	6
4. AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.....	6
5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS NA LOMCE.....	7
6. ESO: PRINCIPIOS FINALIDADE E OBXECTIVOS.....	7
6.1.Principios xerais.....	7
6.2.Finalidade.....	8
6.3.Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	8
7. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.....	9
7.2.Avaliación final da ESO.....	10
7.3.Promoción.....	11
7.4.Titulación.....	12
8. O PAPEL DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO.....	12
9. BLOQUES DE CONTIDOS NA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	14
10. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DO PERFIL COMPETENCIAL.....	15
11. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO.....	16
12. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (E INDICADORES), COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES E PORCENTAXE MÍNIMA DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES.....	17
12.1.1º de ESO.....	17
12.2.2º de ESO.....	37
12.3.3º ESO.....	56
12.4.4º de ESO.....	85
13. TEMPORALIZACIÓN DAS UD.....	98
14. RECURSOS.....	98
15. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	99
16. AVALIACIÓNS.....	99
16.1.Avaliación inicial.....	99
1. Criterios de cualificación e corrección.....	99
1.1.Valoración de probas, lecturas e traballo na aula.....	100
1.2.Valoración de traballos e caderno de clase.....	100
3. Opción B.....	100
17. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	102
18. PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	103
18.1.Programas de reforzo trimestrais.....	103
18.2.Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.....	103
18.3.Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da materia pendente.....	103
18.4.Programa específico para alumnado repetidor.....	103
18.5.Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.....	103
18.6.Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.....	103
19. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	103
20. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.....	104
20.1.Textos literarios.....	104
20.2.Club de lectura.....	104
21. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.....	104
22. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	105
23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	105
23.1.Tratamento integrado de linguas.....	105
24. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	106
25. APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS.....	106
26. MEDIDAS DE ADAPTACIÓN AO PROTOCOLO COVID.....	106

27. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	106
29. BIBLIOGRAFÍA.....	109
Anexo I Programación de Aula	110
1º ESO	110
2º de ESO	112
3º de ESO	114
4º de ESO	117
Anexo II. Modelo de rúbrica de textos escritos 2º, 3º e 4º de ESO.....	120

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1.Introdución.

Este curso vai estar marcado polo recuperación de actividades complementarias e extraescolares que non puideron levarse a cabo nos dous precedentes. Con todo, na presente programación darase conta dos recursos que desde o comezo de curso o Departamento se poñen a disposición do alumnado e das familias da nosa comunidade educativa para atender o alumnado en caso de confinamentos puntuais que, en todo caso, esperamos que sexan escasos ou inexistentes. Adaptaremos e flexibilizaremos esta programación -e especialmente os instrumentos de avaliación- para dar resposta axeitada ás necesidades do noso alumnado e da nosa comunidade educativa durante esta situación transitoria.

De acordo coa introdución ao Currículo da ESO no que fai referencia á área de Lingua galega e literatura,

“a lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician”.

Ademais, é doado concordar con esa introdución ao afirmar que

“A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.”

E finalmente, o que nos parece especialmente importante para o ensino da nosa materia:

“...o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.”

Por suposto tamén concordamos coa citada Introdución ao sinalar que se debe

“priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.”

No Departamento seguiremos profundando na atención que se debe prestar ás competencias clave con tres finalidades que son as que habemos considerar preferentemente:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (correspondentes ás diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os escolinos poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.
- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindibles, e inspirar as decisións relativas ao proceso de ensinanza e de aprendizaxe.

1.2. Contextualización do centro e do alumnado.

Para unha contextualización socioeconómica remitímonos ao noso PEC. Polo que respecta á área de Lingua e Literatura Galega, o contexto relevante defíneo unha ambientalidade lingüística que vén determinada por un alumnado na meirande parte galegofalante. Téndonos isto en conta, o noso esforzo centrarase no desenvolvemento da competencia comunicativa segundo as ideas sinaladas na Introdución do Currículo e na superación de prexuízos lingüísticos que poden comprometer o uso normal do galego no futuro.

2. DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO.

2.1.Profesorado.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura é un departamento unipersonal e a xefatura do mesmo desenvólvea o profesor Luís Gómez Aldegunde, que imparte en todos os niveis e grupos da ESO agás 1ºB. Durante este curso a materia no grupo de 1º B será impartida pola profesora Lucía Pérez, do Departamento de Francés. A materia de latín, que nos cursos precedentes figuraba adscrita ao Departamento de Galego desapareceu por imposición da Consellería. Por último, o departamento imparte neste curso a materia de Cultura Clásica en 3º de ESO:

Profesorado	Cursos que imparte
Lucía Pérez	1º ESO B.
Luís Gómez Aldegunde (XD)	1º ESO A, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO , CuCa 3ºESO.

2.2. Distribución do alumnado.

Curso	Grupo	Nº Alumnado
1º	A	19
1º	B	19
2º	A	28
3º	A	27
4º	A	20
Cultura Clásica 3º	A	8

2.3. Organización espacial.

Os espazos nos que se imparte a materia de Lingua e literatura galega son os establecidos pola dirección do centro en cada curso académico. Para o curso 2021-2022 as aulas de 1º e 4º sitúanse na planta baixa do edificio de ESO. As aulas de 2º, 3º e optativa de Cuca 3º sitúanse no primeiro andar. No caso das aulas de 1º e 2º, a súa localización vén tamén determinada pola súa pertenza ao programa Edixgal. O resto de espazos (biblioteca, aula de vídeo e aula de informática) teñen, coma en anos anteriores, unha localización fixa.

Polo que respecta á organización espacial dentro da aula, obviamente vén establecida segundo o protocolo COVID.

3. O CURRÍCULO LOMCE.

Segundo dispón o artigo 2 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica. A definición que no devantado Decreto se ofrece para cada un dos elementos é a seguinte:

- a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
- d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- e) Estándares de aprendizaxe avaliábeis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

4. AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.

«En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.»

«As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.»

No currículo, as competencias defínense como as «capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos».

As competencias clave mencionadas no currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS NA LOMCE.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentáranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

6. ESO: PRINCIPIOS FINALIDADE E OBXECTIVOS.

6.1.Principios xerais

A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica.

Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

6.2.Finalidade

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

6.3. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6.4.Principios metodolóxicos

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións que permitan que, nos primeiros cursos da etapa, o profesorado coa debida cualificación imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.

7.1. Avaliación.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos do Decreto, no caso de Lingua Galega e Literatura, no anexo III.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o

que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

A consellería con competencias en materia de educación garantirá o dereito dos alumnos e das alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.

O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado polo titor ou a titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste, no marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e programas individualizados.

7.2.Avaliación final da ESO.

Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e as alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:

- a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais, agás Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química, das que o/a alumno/a será avaliado/a se as escolle entre as materias de opción, segundo se indica no parágrafo seguinte.
- b) Dúas das materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en cuarto curso.
- c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión ou Valores Éticos.

Poderán presentarse a esta avaliación os alumnos e as alumnas que obtivesen ou ben avaliación positiva en todas as materias ou ben negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. Para estes efectos:

- a) Só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna deben cursar en cada un dos bloques.
- b) No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os/as devanditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias do referido bloque.
- c) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

De acordo co disposto nos artigos 6 bis.2.b) e 29.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, correspóndelle ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecer as características das probas; o seu deseño e o seu contido estableceranse para cada convocatoria. No caso de Lingua Galega e Literatura, estas funcións correspóndenlle á consellería con competencias en materia de educación.

A materia de Lingua Galega e Literatura terase en conta para o cálculo da nota obtida nas devanditas avaliacións finais na mesma proporción que a materia de Lingua Castelá e Literatura. Terán exención da realización destas probas os alumnos e as alumnas que estean exentos/as de cursar ou de ser avaliados/as da materia Lingua Galega e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Os alumnos e as alumnas poderán realizar a avaliación por calquera das dúas opcións de ensinanzas académicas ou de ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, ou por ambas as opcións na mesma convocatoria. No caso de que realicen a avaliación por unha opción non cursada, serán avaliados/as das materias requiridas para superar a avaliación final pola devandita opción que non tivesen superadas, elixidas polo/pola propio/a alumno/a dentro do bloque de materias troncais.

Os alumnos e as alumnas que non superasen a avaliación pola opción escollida ou que desexen elevar a súa cualificación final de educación secundaria obrigatoria poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, logo de solicitalo. Os alumnos e as alumnas que superasen esta avaliación por unha opción poderán presentarse de novo á avaliación pola outra opción se o desexan e, de non superala en primeira convocatoria, poderán repetila en convocatorias sucesivas, logo de solicitalo. Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o alumno ou a alumna superen. Non será necesario que se avalíe de novo o alumnado que se presente en segunda ou sucesivas convocatorias das materias que xa teña superadas, salvo que desexe elevar a súa cualificación final.

A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados, atenderase á normativa reguladora do concerto correspondente.

Os centros docentes, de acordo cos resultados obtidos polo seu alumnado e en función do diagnóstico e da información proporcionados por eses resultados, establecerán medidas ordinarias ou extraordinarias en relación coas súas propostas curriculares e a súa práctica docente. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan, en colaboración coas familias e empregando os recursos de apoio educativo facilitados pola consellería con competencias en materia de educación, incentivar a motivación e o esforzo dos alumnos e das alumnas para arranxar as dificultades.

A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer medidas de atención personalizada dirixidas aos alumnos e ás alumnas que, presentándose á avaliación final de educación secundaria obrigatoria, non a superaran.

7.3.Promoción

Sen ter en consideración o que poida promulgarse neste punto durante este curso os criterios de promoción quedan como segue: As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente **Lingua Galega e Literatura e Matemáticas**, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente **Lingua Galega e Literatura e Matemáticas**, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

7.4. Titulación.

Título de graduado en educación secundaria obrigatoria e certificacións

Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:

a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.

b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou a alumna superasen a avaliación polas dúas opcións de avaliación final a que se refire o artigo 22.1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan, tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións.

En caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria pola superación da proba para persoas maiores de dezoito anos, a cualificación final da educación secundaria obrigatoria será a obtida na devandita proba.

No título deberá constar a opción ou as opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final da educación secundaria obrigatoria.

Farase constar no título, por dilixencia ou anexo a este, a nova cualificación final da educación secundaria obrigatoria cando o alumno ou a alumna se presentasen de novo á avaliación pola mesma opción para elevar a súa cualificación final.

Tamén se fará constar, por dilixencia ou anexo, a superación polo alumno ou a alumna da avaliación final por unha opción diferente á que xa conste no título, en cuxo caso a cualificación final será a máis alta das que se obteñan tendo en conta os resultados de ambas as opcións.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.

Os alumnos e as alumnas que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título ao que se refire este artigo recibirán unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Esta certificación será emitida polo centro docente no que o alumno ou a alumna estivese matriculado/a no último curso escolar e nela consignaranse os seguintes elementos:

a) Datos oficiais identificativos do centro docente.

b) Nome e documento acreditativo da identidade do/da estudante.

c) Data de comezo e finalización da súa escolaridade.

d) As materias ou os ámbitos cursados, coas cualificacións obtidas nos anos que permaneceu escolarizado/a na educación secundaria obrigatoria.

e) Informe da xunta de avaliación do último curso escolar no que estivese matriculado/a, no que se indique o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes, así como a formación complementaria que debería cursar para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para estes efectos, a consellería con competencias en materia de educación porá á disposición dos centros docentes os instrumentos necesarios para realizar este informe.

A Administración educativa determinará, en función do contido das letras d) e e), as partes que se consideran superadas das probas que organice para o acceso aos ciclos formativos de grao medio ou, nos termos previstos no artigo 68.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tras cursar o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como despois de cursado o segundo curso cando o alumno ou a alumna vaian incorporarse de xeito excepcional a un ciclo de formación profesional básica, entregaráselles aos alumnos e ás alumnas un certificado dos estudos cursados, co contido indicado nas letras a) a d) do apartado 4, e un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.

8. O PAPEL DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO.

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de

Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

9. BLOQUES DE CONTIDOS NA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "**Comunicación oral. escoitar e falar**" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "**Comunicación escrita. Ler e escribir**" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "**Funcionamento da lingua**" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "**Lingua e sociedade**" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "**Educación literaria**" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

10. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DO PERFIL COMPETENCIAL

1º de ESO

- LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
- LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. Resume o contido dun cómic cubrindo un esquema.
- LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
- LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
- LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
- LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
- LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

2º de ESO

- LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).
- LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.
- LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.
- LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.
- LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.
- LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.
- LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

3º de ESO

- LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).
- LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
- LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
- LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
- LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
- LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.
- LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.
- LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
- LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

4º de ESO

- LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.
- LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.
- LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
- LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.
- LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.
- LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.
- LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance

(correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

11. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

1º de ESO

- Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética correcta.
- Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
- Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou grupal.
- Producir discursos breves e comprensibles adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas da vida cotiá ou académica.
- Realizar exposicións orais coa axuda das TIC.
- Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando prexuízos.
- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
- Producir en calquera formato, textos de varios ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
- Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
- Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
- Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
- Identificar os mecanismos de cohesión textual.
- Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
- Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
- Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo. 14
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
- Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
- Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
- Definir os trazos que caracterizan o comic e acanción como linguaxes artísticas.
- Coñecer e aplicar estratexias de autoavaliación recoñecendo erros nas súas producións.

2º de ESO

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos, orais e escritos, dos medios de comunicación, e dos ámbitos social e académico, e seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con autonomía progresiva.
- Realizar exposicións orais claras e áxiles de información de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os mesmos feitos en diferentes medios e participar en diversas interaccións comunicativas respectando as regras que os rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir – a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas- textos dos medios de comunicación e os ámbitos social e académico. Planificalos e revisalos aplicándolles normas de coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar, de maneira progresivamente autónoma, textos en diferentes soportes para seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar os propios textos de xeito progresivamente autónomo.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais da valoración e o uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero ao que pertence e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

3º de ESO

- Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética correcta.
- Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
- Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou grupal.
- Producir discursos breves e comprensibles adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas da vida cotiá ou académica.
- Realizar exposicións orais coa axuda das TIC.
- Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando prexuízos.

- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
- Producir en calquera formato, textos de varios ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
- Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
- Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
- Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
- Identificar os mecanismos de cohesión textual.
- Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
- Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
- Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
- Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega dos seus inicios a 1916. 48
- Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado.
- Recoñecer e valorar as variedades da lingua e identificar a estándar como unificadora.
- Identificar os distintos períodos da literatura galega desde a Idade Media a 1916.
- Ler textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media a 1916.
- Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados cos distintos períodos da literatura galega desde a Idade Media a 1916.
- Recrear textos con intención literaria a partir de modelos traballados en clase.

4º de ESO

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos de información de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos, etc.) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro axeitado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente eses textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes para seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos de ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega, extraer os trazos principais da actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura de obras clásicas contemporáneas, atendendo aos seus elementos estruturais e formais.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves e/ou fragmentos, atendendo á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes.

12. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (E INDICADORES), COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES E PORCENTAXE MÍNIMA DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES.

12.1.1º de ESO.

PROGRAMACIÓN XERAL 1º ESO						
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES E INDICADORES	COM · CLA VE	TEMP.	INDICADORES DA CONSECUCIÓN MÍNIMA DE ESTÁNTADERES.
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. <ul style="list-style-type: none"> • Realizar, seguindo un guión, entrevistas a diferentes persoas. • Anotar e resumir os datos máis relevantes da información obtida nas entrevistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). <ul style="list-style-type: none"> • Realiza, seguindo un guión, entrevistas a diferentes persoas sobre o uso do teléfono móbil. • Anota e resume os datos máis relevantes da información obtida nas entrevistas. • Toma notas da información relevante durante o visionamento dos programas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ºT 	Toma nota da información máis relevante dunha entrevista ou noticia de actualidade.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º T 	Entende a idea xeral dun texto sinxelo e trasládala a un resumo.

<ul style="list-style-type: none"> ■ d ■ e ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. <ul style="list-style-type: none"> • Comprender unha descrición oral e expresar plasticamente os datos máis relevantes. • escoitar de xeito activo e seguir instrucións para a realización da tarefa. • Interpretar correctamente un fragmento dun texto instrutivo de temática deportiva e realizar deducións sobre o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. <ul style="list-style-type: none"> • Mostra a súa comprensión dunha descrición oral mediante a expresión plástica. • Interpreta correctamente un fragmento dun texto instrutivo de temática deportiva e realiza deducións sobre o seu contido. • escoita activamente e segue as instrucións para a realización da tarefa. ■ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 3º T 	<p>Interpreta correctamente un texto instrutivo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. <ul style="list-style-type: none"> • Respetar as quendas de fala. • Empregar unha linguaxe non discriminatória. • Coidar os aspectos prosódicos nas intervencións. • Valorar e interpretar correctamente a linguaxe non verbal e empregala con eficiencia nas conversas. • escoitar con atención e respecto as intervencións alleas. • Coñecer as características propias da conversa espontánea, así como as pautas xerais para manter interaccións orais eficaces. • Valorar positivamente e avaliar as producións orais claras, coherentes e adecuadas ao contexto. • Recoñecer a relevancia das normas de cortesía, o respecto e o tacto. • Recoñecer a importancia de non invadir o espazo físico nas conversas. • Pronunciar unha serie de palabras adaptando o volume de voz ao significado destas. • Ler enunciados con diferentes entoacións, en función da intención comunicativa. • Asociar diferentes tipos de entoacións a distintos estados de ánimo e intencións comunicativas. • Expresar diferentes mensaxes a través de xestos. • Interpretar o significado de diversos xestos correspondentes a distintas mensaxes. <p>Analizar en grupo o emprego de linguaxe non verbal</p> 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatória). <ul style="list-style-type: none"> • Respetar as quendas de fala. • Manifesta respecto polas opinións alleas. • Emprega unha linguaxe non discriminatória. • Intervén na orde que lle corresponde. • escoita con atención e actitude respectuosa as intervencións alleas. • Coñece as características propias da conversa espontánea, así como as pautas xerais para manter interaccións orais eficaces. • Valora positivamente e avalía as producións orais claras, coherentes e adecuadas ao contexto. • Recoñece a relevancia das normas de cortesía, o respecto e o tacto. ■ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. <ul style="list-style-type: none"> • Coida os aspectos prosódicos nas súas intervencións. • Recoñece a importancia de non invadir o espazo físico nas conversas. • Presta importancia á linguaxe non verbal e obtén información desta. • Emprega eficazmente a linguaxe non verbal nas súas interaccións orais espontáneas. • Pronuncia unha serie de palabras adaptando o volume de voz ao significado destas. • Le enunciados con diferentes entoacións, en función da intención comunicativa. • Asocia diferentes tipos de entoacións a distintos estados de ánimo e intencións comunicativas. • Expresa diferentes mensaxes a través de xestos. • Interpreta o significado de diversos xestos correspondentes a distintas mensaxes. • Analiza en grupo o emprego de linguaxe non verbal contradictoria nunha conversa representada. • Reflexiona, a partir dun diálogo representado, sobre a importancia dos elementos extralingüísticos na comunicación oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 1º, 2º, 3º T 	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as quendas de fala. • Manifesta respecto polas opinións alleas. • Recoñece a relevancia das normas de cortesía. <p>Le enunciados con diferentes entoacións, en función da intención comunicativa.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ e ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. <ul style="list-style-type: none"> • Consultar e visionar comprensivamente capítulos dun programa de tv dedicados ás variedades xeográficas do galego. • escoitar unha noticia do telexornal e comparar a variante estándar coas variantes dialectais empregadas nela. • Tomar notas da información relevante durante o visionamento dos programas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. <ul style="list-style-type: none"> • Consulta e visiona comprensivamente capítulos dun programa de televisión dedicados ás variedades xeográficas do galego. • escoita unha noticia do telexornal e compara a variante estándar coas variantes dialectais empregadas nela. ■ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. ■ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 2º, 3º T ■ 2º T ■ 1º, 2º, 3º T 	<p>Escoita unha noticia e identifica a idea principal e as secundarias.</p> <p>Compara unha noticia e dous medios.</p> <p>Detecta e rexeita usos lingüísticos discriminatórios</p>

<ul style="list-style-type: none"> ■ h ■ o 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. <ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar contidos tirados dunha páxina web para a planificación dun relato oral. • Utilizar un programa informático de presentacións para apoiar e ilustrar a súa exposición oral. Consultar medios dixitais para obter información sobre as variantes lingüísticas do galego falado fóra de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. <ul style="list-style-type: none"> • Consulta unha páxina web e selecciona contidos para a planificación dun relato oral. • Consulta medios dixitais para obter información sobre as variantes lingüísticas do galego falado fóra de Galicia ■ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. Utiliza un programa informático de presentacións para apoiar e ilustrar a súa exposición oral 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CAA ■ C S I ■ EE 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 2º T 	<p>Consulta unha páxina web e selecciona contidos para a planificación dun relato oral.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ■ h ■ o 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. Analizar de xeito pautado e empregar a variante dialectal propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. Analizar de xeito pautado e empregar a variante dialectal propia. ■ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. <ul style="list-style-type: none"> • Analiza de xeito pautado a variante dialectal propia. • Emprega a variante dialectal propia, de a posuír. ■ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 1º, 2º, 3º T 	<p>É consciente do emprego da súa variante dialectal</p>
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ e ■ g ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. <ul style="list-style-type: none"> • Empregar un rexistro adecuado, coherente, cohesionado e gramaticalmente correcto. • Falar con fl nunha intervención oral espontánea e presentar unha pronuncia correcta. • Respetar as regras morfosintácticas do galego no seu discurso oral. • Empregar fraseoloxía e léxico adecuado e variado na súa intervención oral. • Realizar oralmente a descrición dun compañeiro ou compañeira empregando o léxico tratado na unidade. • Intervir oralmente con fluidez, respectando as regras morfosintácticas do galego e coidando a pronuncia. • Recoñecer e empregar diferentes fórmulas de saúdo en función do contexto e a situación comunicativa. • Participar nun diálogo dramatizado representando unha situación comunicativa propia da vida cotiá con fluidez, corrección, adecuación, cohesión e coherencia. • Incorporar ao seu discurso oral frases feitas traballadas na aula e sinónimos do campo semántico da vestimenta. • Improvisar unha conversa por parellas empregando recursos persuasivos e poñendo en práctica as recomendacións xerais para manter conversas exitosas. • Coidar a súa pronuncia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. ■ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). <ul style="list-style-type: none"> • Fala en galego de xeito fluído e cunha pronuncia correcta. • Realiza oralmente a descrición dun compañeiro ou compañeira empregando o léxico tratado na unidade. • Participa con fluidez en intervencións orais espontáneas. • Respetar as regras morfosintácticas do galego nas súas intervencións orais. • Coida a súa pronuncia. • Pronuncia correctamente as sete vogais, o n velar e o fonema fricativo palatal xordo. ■ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). <ul style="list-style-type: none"> • Incorpora ao seu discurso oral frases feitas traballadas na aula. • Emprega un léxico rico e adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 1º, 2º, 3º T 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega un rexistro adecuado, coherente, cohesionado e gramaticalmente correcto. • Recoñece diferentes fórmulas de saúdo. • Participa nun diálogo dramatizado representando unha situación comunicativa propia da vida cotiá con corrección, adecuación, cohesión e coherencia. • Improvisa unha conversa por parellas empregando recursos persuasivos. • Pon en práctica nas súas intervencións as recomendacións xerais para manter conversas exitosas • Fala en galego de xeito fluído e cunha pronuncia correcta.

			<ul style="list-style-type: none"> ■ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. <ul style="list-style-type: none"> • Emprega sinónimos do campo semántico da vestimenta. • Describe oralmente a súa participación nunha obra teatral. • Describe oralmente o contido da última obra de teatro vista. • Describe oralmente un mundo fantástico. • Di en voz alta nomes de vestiario deportivo a partir dunha serie de ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ■ 1º, 2º, 3º T 	<p>Emprega sinónimos do campo semántico da vestimenta</p>
h l	<p>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Escolma de textos: Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas. Escolma de textos: Castelao, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Escolma de textos: Amado Carballo, Manuel Luís Acuña, Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro. Escolma de textos: Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor. Escolma de textos: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, María Xosé Queizán e Carlos Casares. Escolma de textos: Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Aquilino Iglesia Alvariño, Antón Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Luís Pimentel, Manuel María, Xohana Torres, Luz Pozo Garza. Escolma de textos: Suso de Toro, Pedro Feijoo, Jaureguizar, María Reimóndez. Escolma de textos: Miguel Anxo Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Gonzalo Navaza, Alfonso Pexegueiro, Dario Xohán Cabana, Xosé María Álvarez Cáccamo, María do Cebreiro, Ana Romani, Fran Alonso, Lupe Gómez, Celso Fernández Sanmartín, Chus Pato, Olga Novo, Antía Otero. Escolma de textos: Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó. 	<p>B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.</p> <ul style="list-style-type: none"> Ler comprensivamente escolmas de textos de cada unha das épocas estudadas. Valorar, seguindo criterios razoados, a importancia das obras seleccionadas. Ler escolmas de textos de cada unha das épocas estudadas de xeito comprensivo, resumir o seu contido e relacionalas co seu contexto. Ler unha escolma de textos de Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas e resumir o seu contido. Comentar, de xeito guiado, unha escolma de poemas de Ramón Cabanillas, en relación con seu contexto. Sinalar os trazos característicos definitorios dos textos. Comentar, de xeito guiado, unha escolma de textos da época das Vanguardas. Comentar, baixo guía, dous poemas de Luís Seoane e Lorenzo Varela, en relación co seu contexto. Comentar guiadamente un fragmento da obra de Eduardo Blanco Amor e sinalar as innovacións que presenta. Comentar, de xeito guiado, unha escolma de textos narrativos da época de posguerra, en relación co seu contexto. Comentar as características da Nova Narrativa Galega presentes en textos de Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán e Carlos Casares. Comentar unha escolma de poemas da época da ditadura, baixo guía. Comentar, respondendo preguntas, unha escolma de textos narrativos da época actual. Comenta, respondendo preguntas, unha escolma de textos dramáticos actuais. Comparar e clasificar textos literarios do mesmo período segundo a súa temática. Establecer unha comparación entre a poesía de Luís Seoane e a de autores das Vanguardas. Sinalar as diferenzas entre a poesía dos 80, a poesía dos 90 e a de comezos do século XXI. Comprender as diferenzas entre as tres xeracións teatrais dos últimos anos. 	<p>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.</p> <ul style="list-style-type: none"> Le comprensivamente escolmas de textos de cada unha das épocas estudadas. Valora, seguindo criterios razoados, a importancia das obras seleccionadas. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Le e comprende t e x t o s escollidos de cada período histórico.
			<p>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <ul style="list-style-type: none"> Le escolmas de textos de cada unha das épocas estudadas de xeito comprensivo, resume o seu contido e relaciónaos co seu contexto. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Le e comprende algú n texto representativo de Literatura do s. XX e XXI.
			<p>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <ul style="list-style-type: none"> Comenta, de xeito guiado, unha escolma de poemas de Ramón Cabanillas, en relación con seu contexto. Sinala os trazos característicos definitorios dos textos. Analiza, baixo guía, unha escolma de textos de Castelao e reflexiona sobre a súa vixencia na actualidade. Sinala os trazos satíricos presentes nun texto de Vicente Risco. Analiza, de xeito guiado, dous fragmentos da obra de Otero Pedrayo. Comenta, de xeito guiado, unha escolma de textos da época das Vanguardas. Comenta, baixo guía, dous poemas de Luís Seoane e Lorenzo Varela, en relación co seu contexto. Comenta guiadamente un fragmento da obra de Eduardo Blanco Amor e sinala as innovacións que presenta. Comenta, de xeito guiado, unha escolma de textos narrativos da época de posguerra, en relación co seu contexto. Comenta as características da Nova Narrativa Galega presentes en textos de Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán e Carlos Casares. Comenta unha escolma de poemas da época da ditadura, baixo guía. Comenta, respondendo preguntas, unha escolma de textos narrativos da época actual. Comenta, baixo guía, unha escolma de poemas actuais. Comenta, respondendo preguntas, unha escolma de textos dramáticos actuais. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Comenta de xeito guiado un texto de cada período histórico da literatura do s. XX.
			<p>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.</p> <ul style="list-style-type: none"> Compara e clasifica textos literarios do mesmo período segundo a súa temática. Establece unha comparación entre a poesía de Luís Seoane e a de autores das Vanguardas. Sinala as diferenzas entre a poesía dos 80, a poesía dos 90 e a de comezos do século XXI. Explica as diferenzas entre as tres xeracións teatrais dos últimos anos. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Clasifica textos dun período histórico segundo o seu tema.
h l	<p>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Lectura expresiva e comprensiva de «O retrato», en Retrincos, Castelao. Lectura expresiva e comprensiva de «Entero», en Proel, Luís Amado Carballo. Lectura expresiva e comprensiva de «O cartafol do vento», en De catro a catro, Manuel Antonio. Lectura expresiva e comprensiva de «A arrasadeira», en Os biosbardos, Eduardo Blanco Amor. Lectura expresiva e comprensiva de «Xaneiro 1972, II», en Onde o mundo se chama Celanova, Celso Emilio Ferreiro. Lectura expresiva e comprensiva de «Irrmaus», en Longa noite de pedra, Celso Emilio Ferreiro. Lectura expresiva e comprensiva de «As cousas», en Que me queres, amor?, Manuel Rivas. Lectura expresiva e comprensiva de «Saudemos a morte», en Con pólvora e magnolias, Xosé Luís Méndez Ferrín. Lectura expresiva e comprensiva de «Triptico», en Epiderme de estío, Lucía Novas. Audición de poemas musicados. Actividades de comprensión textual. Reflexión oral e escrita sobre os textos. 	<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Ler expresiva e comprensivamente un texto de Castelao e coméntalo, baixo guía, en relación co seu contexto. Ler expresiva e comprensivamente un poema de Amado Carballo e coméntalo, respondendo preguntas. Ler expresiva e comprensivamente un poema de Manuel Antonio e coméntalo, de xeito guiado. Ler expresiva e comprensivamente un fragmento da obra narrativa de Eduardo Blanco Amor, resumir o seu contido e analizala desde o punto de vista estrutural e formal. Ler expresiva e comprensivamente dous poemas de Celso Emilio Ferreiro e analízalos temática e formalmente, de xeito guiado. Ler expresiva e comprensivamente un texto de Manuel Rivas e coméntalo desde o punto de vista lingüístico e temático, de xeito guiado. Le expresiva e comprensivamente un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín e coméntalo desde o punto de vista temático, estrutural e formal, baixo guía. Ler expresiva e comprensivamente un poema de Lucía Novas e analízalo temática, estrutural e formalmente, de xeito guiado. Escoitar versións musicadas de poemas lidos e analizados. 	<p>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Le expresiva e comprensivamente un texto de Castelao e coméntalo, baixo guía, en relación co seu contexto. Le expresiva e comprensivamente un poema de Amado Carballo e coméntalo, respondendo preguntas. Le expresiva e comprensivamente un poema de Manuel Antonio e coméntalo, de xeito guiado. Le expresiva e comprensivamente un fragmento da obra narrativa de Eduardo Blanco Amor, resume o seu contido e analiza desde o punto de vista estrutural e formal. Le expresiva e comprensivamente dous poemas de Celso Emilio Ferreiro e analízalos temática e formalmente, de xeito guiado. Le expresiva e comprensivamente un texto de Manuel Rivas e coméntalo desde o punto de vista lingüístico e temático, de xeito guiado. Le expresiva e comprensivamente un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín e coméntalo desde o punto de vista temático, estrutural e formal, baixo guía. Le expresiva e comprensivamente un poema de Lucía Novas e analízalo temática, estrutural e formalmente, de xeito guiado. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Le de forma expresiva ou dramatizadamente un texto poético, narrativo e teatral proposto.
			<p>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> Escoita diferentes versións musicadas de poemas lidos e analizados. 	CCL	1, ^o 2 ^o ,3 ^o T	Escoita e valora versións musicadas de textos poéticos.

OBXEC.	BLOQUES DE CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES E INDICADORES	COMP.CL AVE	TEMP.	MÍNIMOS
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR						
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	1, ^o 2, ^o ,3 ^o T	Elabora polo menos un traballo sobre un período da Lit. Galega.
e h l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Procura de información. 	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Facer uso das bibliotecas presenciais e dixitais, con frecuencia e autonomía. Empregar habitualmente fontes de información diversas para realizar traballos académicos. Utilizar diferentes recursos dixitais en galego para a procura de información. Empregar recursos dixitais de lecer e relacionados coa música, a poesía e a cultura galega. Citar adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. <ul style="list-style-type: none"> Fai uso das bibliotecas presenciais e dixitais, con frecuencia e autonomía. Emprega habitualmente fontes diversas de información para realizar traballos académicos. Cita adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	CCL	1, ^o 2, ^o ,3 ^o T	Usa fontes diversas para os seus traballos.
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Utiliza diferentes recursos dixitais en galego para a procura de información. Emprega recursos dixitais de lecer e relacionados coa música, a poesía e a cultura galega. Cita adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	CCL CD	1, ^o 2, ^o ,3 ^o T	C i t a adecuadamente as súas fontes nos traballos.
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. <ul style="list-style-type: none"> Expresión escrita: creación de textos narrativos breves. Expresión escrita: creación de textos dialogados. Expresión escrita: creación de textos poéticos. Expresión escrita: creación dunha banda deseñada. Expresión oral e escrita: creación e representación de textos teatrais. Expresión escrita: transformación de textos dados. 	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. <ul style="list-style-type: none"> Escribir textos narrativos breves, incorporando recursos estilísticos estudados na clase. Elaborar textos dialogados a partir das lecturas. Crear textos poéticos, seguindo os modelos analizados na clase. Crear unha banda deseñada, conforme un modelo. Escribir e representar textos teatrais en grupo, aplicando os coñecementos adquiridos na clase. Transformar textos dados de diferentes xéneros, reparando nos seus trazos estéticos fundamentais. Desenvolver o gusto pola escrita como instrumento de comunicación. Utilizar a creación literaria para analizar, expresar e regular as propias emocións, de xeito guiado. 	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. <ul style="list-style-type: none"> Escribe textos narrativos breves, incorporando recursos estilísticos estudados na clase. Elabora textos dialogados a partir das lecturas. Crea textos poéticos, seguindo os modelos analizados na clase. Crea unha banda deseñada, conforme un modelo. Escribe e representa textos teatrais en grupo, aplicando os coñecementos adquiridos na clase. Transforma textos dados de diferentes xéneros, reparando nos seus trazos estéticos fundamentais. 	CCL CCEC	1, ^o 2, ^o ,3 ^o T	Transforma textos de diferentes xéneros.
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. <ul style="list-style-type: none"> Dá mostras de desenvolver o gusto pola escrita como instrumento de comunicación. Utiliza a creación literaria para analizar, expresar e regular as propias emocións, de xeito guiado. 	CCL CCEC	1, ^o 2, ^o ,3 ^o T	Cre a polo menos un texto con intención literaria.

13. TEMPORALIZACIÓN DAS UD.

O ensino da materia de Lingua e literatura galega require un tratamento graduado, práctico e progresivo co obxectivo principal de afianzar, especialmente, a competencia en comunicación lingüística, sen desatender as outras competencias que o currículo establece para cada estándar. Deste modo, a organización do currículo e a estrutura de cada unidade didáctica pretenden contemplar simultaneamente a comprensión e a expresión, a recepción e a produción dos textos ou dos discursos considerados. Trátase de manter a dobre perspectiva integradora da recepción e da emisión, da teoría e da práctica, e levala a cabo no ámbito da comunicación oral e escrita. Téndomos en conta estes principios, procurarase un reparto equitativo das doce unidades didácticas das que consta cada nivel impartido:

1ª avaliación unidades 1-4.

2ª avaliación: unidades 5-8.

3ª avaliación: unidades 9-12.

14. RECURSOS.

Edixgal-Abalar

Todos os cursos de ESO son aulas Abalar-Edixgal e utilizaremos os recursos (tanto equipamento coma programas) que este proxecto pon á nosa disposición.

Libros de texto.

En 1º e 2º de ESO, aínda que traballamos actividades de varias, a editorial de referencia é Aula Planeta. En 3º e 4º, Netex.

Aula de Informática.

Tanto para a procura de información coma para a realización de tarefas, en 3º e 4º de ESO impartirase unha hora semanal na aula de informática se o protocolo o permite.

Proxección de vídeo.

Cada aula dispón de canón de vídeo e pantalla, recursos de uso habitual na práctica docente.

Biblioteca.

A biblioteca do centro será un espazo de uso moi frecuente na materia, tal como se describiu no apartado correspondente, aínda que limitado tamén este curso segundo o protocolo establecido polo centro.

Aula virtual.

Cada nivel de ESO (non Edixgal) disporá dun curso na aula virtual con diferentes contidos, enlaces e actividades para realización de tarefas na aula ou na casa. De todos os xeitos, dado que todos os cursos contan con libro dixital, que xa é unha aula virtual en si mesmo, o uso da aula virtual do centro será moi puntual.

Material para elaboración de vídeo.

O alumnado especialmente motivado, manexara material de audio e vídeo para a elaboración de contidos audiovisuais dentro do Contrato Programa Incluído

Canle de vídeo.

O Departamento de Lingua Galega fará uso da canle do centro (videocpideosdices), a do Departamento (videorois) ou do Telexornal (cinemaporviso) para compartir contidos de elaboración propia.

Blogs

Tanto o blog da biblioteca (bibliorois) coma o do Club de Lectura (As pintoras daltónicas) son unha ferramenta habitual para contidos relacionados coa educación literaria.

15. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Na área de Lingua Galega e Literatura valorarase sobre todo, a comprensión e produción de textos orais e escritos e a actitude positiva cara á lingua. Ao longo do curso o alumnado estará informado do seu progreso no proceso de aprendizaxe por medio de indicacións diversas: corrección de probas orais e escritas, probas de lectura de obras literarias, interacción na aula, corrección do caderno de clase e de traballos propostos. Unha vez por trimestre informarase de xeito formal a través da cualificación de avaliación ao alumnado e as súas familias de acordo coa lexislación vixente. Estas cualificacións terán unha finalidade formativa e tamén sumativa xa que son as que serven para determinar a cualificación final.

Ao remate do curso valorarase o rendemento académico do alumnado mediante a cualificación final que se determina coas especificacións e criterios de cualificación detallados no apartado correspondente.

Os instrumentos para avaliar o noso alumnado van ser os seguintes:

- Probas escritas. Haberá dúas probas escritas cada trimestre na que se incluírán cuestións teórico-prácticas relacionadas coas unidades didácticas obxecto de avaliación. Estas probas serán variadas: de redacción, tipo test, de relación de ideas, completar ocos, elaborar esquemas, ditados, análise e/ou comentario de textos e exposición de contidos. Excepcionalmente, en 4º de ESO haberá unha proba dunha unidade didáctica específica na que se han integrar as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior.
- Probas orais que determinarán o grao de comprensión das obras literarias lidas.
- Presentación e/ou exposición oral de traballos individuais ou en grupo.
- Presentación do caderno do alumnado.
- Rúbricas.
- A observación directa do traballo diario.

16. AVALIACIÓNS.**16.1. Avaliación inicial.**

Nas primeiras sesións do curso, no mes de setembro, realizarase unha proba de avaliación inicial cunha estrutura similar para todos os niveis e que ten como obxectivo a observación da habilidade do alumnado á hora de poñer en práctica os contidos do curso anterior, e centrarase nomeadamente na competencia en comunicación lingüística. Nesa proba que consistirá nun cuestionario elaborado a partir de textos de distinto tipo e farase de xeito oral e/ou escrito. O grao de dificultade da mesma estará adaptado ao nivel de cada curso de ESO. Os resultados desta proba só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e non ha repercutir nas cualificacións do alumnado. Cómpre aclarar que agás en 1º de ESO o profesor é o mesmo no resto de niveis, o que facilita o coñecemento previo. No caso de 1º de ESO, ademais, manterase unha reunión co profesor titor do grupo do ano académico anterior.

16.1.1. Avaliación trimestral e convocatoria ordinaria.

Como xa sabemos, a avaliación ten unha finalidade formativa (esencial no proceso de ensino-aprendizaxe) e asemade esta valoración do rendemento escolar do alumnado debe atribuír unha cualificación. Esta última dimensión ten unha repercusión inmediata na promoción e mesmo na orientación académico-profesional, polo que procuraremos que sexa o máis obxectiva posible, o que, polo demais, constitúe un dereito do alumnado.

16.1.1.1. Criterios de cualificación e corrección.

Un xeito de aproximarse a esa obxectividade é partir duns criterios de cualificación claros. Os nosos son os seguintes:

16.1.1.2.Opción A.**16.1.1.2.1.Valoración de probas, lecturas e traballo na aula.**

A cualificación do alumnado realizarase mediante a suma de tres apartados:

- **Probas escritas**

Como xa dixemos, normalmente realizaranse dúas probas escritas cada avaliación, que serán valoradas de 1 a 7 cunha ponderación do 70% da nota desa avaliación. Para ser avaliado positivamente, o alumnado debe obter en cada unha das probas unha nota mínima de 1 punto. Estas probas estarán en relación cos estándares de aprendizaxe e os indicadores de cada nivel.

- **Lecturas.**

Cada alumno/a deberá ler (excepcionalmente durante este curso) 2 obras de lectura en cada avaliación. As obras serán seleccionadas polo alumnado de entre unha ampla listaxe ofrecida ao comezo de curso polo profesor. As lecturas valóranse do seguinte xeito:

1º libro: 0.5.

2º libro :0.5

O alumnado ten a posibilidade (no caso de non obter a nota máxima) de ler outras obra que serán valoradas con 0.25 puntos cada unha. Para que o alumnado poida ser avaliado positivamente debe realizar, como mínimo, a lectura dunha obra literaria.

- **Actitude e traballo na aula e na clase.**

Polo que respecta ao traballo e actitude na aula, cada alumno/a dispón ao comezo de cada avaliación dunha puntuación de 2 puntos, que representa o 20% da nota desa avaliación. Cada acción que represente unha actitude negativa cara ao traballo esixido subtraerá 0.25 desa puntuación. A nota mínima neste apartado debe ser superior a 0. Neste apartado inclúese a valoración do caderno de clase que poderá ser solicitado polo profesor en calquera momento. As intervencións na clase (á parte dos controis orais de lectura) servirán para avaliar o bloque 1 de contidos.

A nota dos traballos (de carácter voluntario) será de ata 1 punto que se incrementará ao da puntuación das probas escritas, se fose o caso, ata alcanzar un máximo de 7 puntos nese apartado.

Como criterio de corrección, nas probas escritas e no caderno de clase cada falta de ortografía subtraerá unha décima da nota da mesma.

Para superar a materia, a puntuación de cada apartado debe ser superior a 0.

16.1.1.2.2.Valoración de traballos e caderno de clase.**16.1.1.3.Opción B**

Valoración de traballos	
Adecuación	Ver rúbrica (Anexo II)
Coherencia/Cohesión	
Corrección	
Valoración do caderno de clase	
Presentación	30 %
Posta ao día	70 %

Esta opción supón en si mesma unha medida de atención á diversidade e unha adaptación dos instrumentos de avaliación. O alumnado que escolla esta opción (logo da valoración e orientación do profesorado) poderá elixir as preguntas que desexa responder nas probas escritas, nas que deberá conseguir unha nota mínima de 2.5. Ademais, deberá ler unha obra literaria cada trimestre, que será avaliada mediante unha proba oral e cunha puntuación de 0,5. Cada vez que o alumnado amose actitude negativa cara ao traballo esixido subtraeráse 0.25 da puntuación das probas escritas. Para completar a cualificación de 5 puntos, se for preciso, o alumnado que escolla esta opción, deberá entregar traballo de acordo co profesor. Como criterio de corrección, nas probas escritas cada falta de ortografía subtraerá unha décima da nota da mesma. Tanto nas probas escritas coma na lectura, a cualificación debe ser superior a 0 puntos.

Cualificación trimestral

En ambas opcións a cualificación trimestral redondearase ao enteiro superior cando supere 1/2 de punto. Deste xeito unha cualificación de 6.8 asimilárase a un 7. Cando a cualificación sexa igual ou inferior ao 1/2 punto redondearase ao enteiro inferior. Deste modo unha cualificación de 5.4 reflectirase como un 5 na cualificación da avaliación.

Criterios para determinar a cualificación final

- **Avaliación final ordinaria.**

A cualificación final na avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto no apartado anterior). Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa ou dúas avaliacións suspensas se a cualificación destas é igual ou superior a 4 puntos e a media das tres sexa igual ou superior a 5.

Calendario de avaliacións

O alumnado obterá a cualificación de cada avaliación segundo o calendario establecido pola xefatura de estudos, que é o seguinte:

- Sesión de preavaliación: 6 de outubro.
- 1ª avaliación: 15 de decembro.
- 2ª avaliación: 6 de abril.
- 3ª avaliación: 7 e 23 de xuño.

En calquera caso, o calendario orientativo das probas será o seguinte:

- **Probas escritas:**

Avaliación inicial: 25-28 de setembro.

1ª) 2ª quincena de outubro.

2ª) 1ª quincena de decembro.

3ª) 1ª quincena de febreiro.

4ª) 2ª quincena de marzo.

5ª) 2ª quincena de abril.

6ª) 2ª quincena de xuño.

- **Probas orais de lectura.**

Na opción A os prazos máximos son os seguintes:

1º libro antes de finais de outubro/xaneiro/abril.

2º libro antes de finais de da segunda proba escrita de cada avaliación.

Outros libros con carácter voluntario: ata dez días antes da data da sesión de avaliación.

Non obstante, as probas poden realizarse dende o momento en que o alumnado sexa informado dos criterios de cualificación.

Na opción B a proba do único libro de lectura obrigatorio debe realizarse, como data límite, dez días antes da data da sesión de cada avaliación trimestral.

Avaliación da convocatoria extraordinaria.

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de xuño ou setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final. Porén, o alumnado que non fose avaliado positivamente de ningunha proba de lectura deberá realizar o exame da lectura proposta para esta convocatoria e que se acordará no mes de xuño. Neste caso a proba escrita terá unha ponderación de 9 puntos e a lectura de 1 punto, sendo preciso para superar a materia que a cualificación do apartado da lectura sexa superior a 0.

16.2. Probas de recuperación.

O alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 deberá realizar a correspondente proba de recuperación. A nota da proba representará o 70 % da cualificación á que se lle engadirá a dos outros dous apartados dese trimestre.

As probas de recuperación terán lugar nas seguintes datas:

- A da primeira avaliación, nos primeiros quince días lectivos do 2º trimestre.
- A da segunda avaliación, nos 15 primeiros días do 3º trimestre.
- A da terceira avaliación, no últimos días lectivos do curso.

17. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O CPPI dos Dices conta cun Plan de Acción Titorial no que se coordinan, a nivel de centro, as medidas de atención á alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Neste PAT atenderanse os puntos que a este respecto establece o Decreto 86/2015 cando dispón que para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Medidas metodolóxicas.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseado na identificación das necesidades do alumno/a (o dominio da linguaxe é un factor decisivo no seu desenvolvemento psicolóxico e no seu achegamento ao coñecemento), consideramos fundamental cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores cás do grupo, noutras porque necesita reaxustar o seu ritmo de aprendizaxe polas dificultades con que se atopa.

Medidas curriculares.

Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe, é dicir, para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a comprensividade e a diversidade, ofreceranse en cada unidade novas actividades, á parte das de ampliación e as de reforzo, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumno para decidir cales, en que momento e como se van desenvolver, xa que non todas son igualmente válidas para todo o alumnado. O traballo da ortografía, do léxico, da gramática, da comprensión lectora, etc., con novos textos e actividades graduadas, permitirá incidir nos contidos que máis o necesiten en cada caso.

Medidas organizativas.

Ofrécese ademais a todo o alumnado a flexibilidade suficiente nos instrumentos de avaliación e nos criterios de cualificación (vid. apdo. 12 e 13) para responder ás súas necesidades e expectativas. Deste xeito as probas de avaliación e as lecturas propostas en cada trimestre están deseñadas para que cada alumno e alumna escolla e participe tamén no proceso de avaliación en función da súa capacidade, iniciativa e esforzo. Ademais, para o alumnado con especial motivación ofrécese a posibilidade de participar un contrato-programa de excelencia educativa.

18. PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

18.1. Programas de reforzo trimestrais.

O alumnado cuxa cualificación fose inferior a 5 puntos no apartado das probas escritas recibirá material de apoio que incidan nos bloques de contido nos que amose máis necesidade de reforzo. Unha vez realizadas as tarefas e feito o seguimento correspondente o alumnado deberá presentarse ás probas de recuperación segundo o establecido no apartado 13.3 desta programación.

18.2. Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.

Ao alumnado coa materia pendente do(s) curso(s) anterior(es) deberán asistir a unha reunión co profesor da materia na que se lle expoñerá o sistema de traballo e os exercicios de recuperación que deberá seguir durante o curso académico. Nesa reunión acordaranse os prazos de entrega de traballos e tarefas e mais as datas de celebración das tres probas escritas que deberá realizar por cada trimestre. Cada alumno/a deberá entregar semanal ou quincenalmente os exercicios propostos de cada unidade do nivel que corresponda. O profesorado fará o seguimento do seu traballo e comunicará o resultado ao/á titor/a do alumnado implicado.

18.3. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da materia pendente.

O alumnado con materia pendente será cualificado con ata 3 puntos pola entrega dos traballos propostos cada trimestre. A proba escrita será cualificada entre 0 e 6 puntos e a proba de lectura entre 0 e 1 punto. A cualificación trimestral será a suma dos tres apartados. Se a cualificación media das tres avaliacións for superior a 5 a materia pendente considerárase superada. Se a cualificación for inferior a 5 puntos o alumnado deberá presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria do mes de maio (e setembro, de ser o caso) segundo as datas establecidas pola dirección do centro. Nesa proba deberá obter unha nota superior a 5 na proba escrita e unha nota superior a 0 na proba do libro de lectura.

18.4. Programa específico para alumnado repetidor.

Se o alumnado repetidor superara a materia de Lingua Galega e Literatura no curso anterior non contemplamos ningún programa específico. Se a materia de Lingua Galega e Literatura for unha das suspensas o/a alumno/a recibirá material de reforzo en relación aos bloques de contidos nos que amose máis dificultade de aprendizaxe ou en todos se fose o caso. En calquera caso o alumnado que está nesta situación terá asesoramento do profesorado para a escolla dos libros de lectura e material de reforzo para a mellora das destrezas de lingua escrita.

18.5. Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.

Durante este curso non temos alumnado nesta situación.

18.6. Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

Non se propón ningún novo programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento durante o presente curso académico, aínda que si se solicitará un contrato-programa dentro da modalidade Incluído, dándolle continuidade ao proxecto de cursos anteriores.

19. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Segundo establece a LOMCE, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Todos estes elementos transversais han estar presentes no traballo diario ao longo dos **catro cursos** impartidos. De todos os xeitos, habemos prestar unha **atención especial** á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, á comunicación audiovisual, ás TIC e ao fomento da igualdade. En relación á comprensión lectora, cómpre dicir que, á parte do currículo propio desta área, o Departamento xestiona dende hai 14 anos o **Club de lectura** do centro; con respecto ás TIC, a nosa materia impártese dentro do programa Edixgal en todos os cursos de ESO; polo que toca á expresión oral, o emprendemento, a resolución de conflitos e o respecto polas opinións alleas en xeral, temos un equipo de debate; por último, con respecto á comunicación audiovisual,

mantemos un traballo plurianual con proxecto permanente de edición de vídeos.

20. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

En relación ao PLC, as bibliotecas escolares e a lectura o Decreto 86/2015 establece o seguinte:

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se refórce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura asume a promoción da lectura como unha liña básica de traballo do mesmo e levará a cabo as seguintes actividades.

20.1. Textos literarios

- Orientación na elaboración dun itinerario lector do alumnado a través das lecturas propostas para cada nivel dentro dun amplo abano e liberdade de escolla.
- Dedicaremos a metade dunha sesión semanal á lectura de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos que servirán, asemade, de pretexto para o traballo doutros contidos curriculares. Estes textos serán propostos polo profesor e, preferentemente, tirados da biblioteca do centro. En 1º de ESO dedicarase, preferentemente, unha sesión semanal á lectura.
- Elaboración dunha lista de libros preferidos polos alumnos e alumnas que sirva de referencia aos posibles lectores e lectoras.
- Visionado de adaptacións cinematográficas de textos literarios e comparación de técnicas narrativas (en 3º e 4º de ESO).
- Visita á biblioteca na hora asignada a cada grupo para o préstamo, devolución, formación de usuarios/as, formación documental e orientación sobre lecturas axeitadas ao nivel e gustos de alumnos e alumnas.
- Consulta de bibliotecas virtuais.

20.2. Club de lectura.

O Departamento mantén e organiza desde hai 14 cursos o Club de lectura do centro. Continuaremos este curso académico exercendo a mediación do club de lectura *As pintoras daltónicas*, que conta cuns 15 participantes cada ano. O club ten entre os seus obxectos os seguintes:

- Fomentarmos a lectura entre as/os integrantes do club e da nosa comunidade escolar.
- Elaborarmos unha listaxe de propostas de lectura para o presente curso.
- Poñermos en común as opinións sobre as lecturas propostas.
- Fomentar a lectura entre os varóns e a lectura en lingua galega.
- Obtermos información sobre novidades editoriais que poidan ser do interese do club, con especial atención ás das editoriais galegas, e compartilas cos/coas integrantes do club e o resto da comunidade escolar.
- Encontros con autores/as, ilustradores/as, narradores/as orais, asistencia a representacións teatrais.
- Visita a librerías, bibliotecas, exposicións e feiras do libro, dentro das posibilidades do club.
- Establecermos contacto con outros clubs para podermos compartir gastos, lecturas e opinións.
- Compartirmos intereses e preferencias co resto da comunidade escolar a través do blog do club e da xornada de formación.

21. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

Segundo o artigo 39 do Decreto 85/2015 relativo á educación dixital a consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

Á marxe da contribución que vén dada polo desenvolvemento dos contidos relacionados cos estándares que teñen que ver coa competencia dixital, o Departamento contribúe a implementación do Plan TIC coas seguintes liñas de actuación:

- Impartición de clases na aula de informática de acordo co calendario establecido para cada área.
- Contribución á creación de contidos na aula virtual do centro.
- Participación nas actividades de formación de profesorado e emprego dos recursos do proxecto Abalar.
- Emprego dos diferentes recursos dispoñibles para a intervención docente: PDI, equipos informáticos, canón de vídeo, aula de vídeo, equipos abalar, etc.
- Creación de contidos educativos que se poñen a disposición de toda a comunidade educativa a través dos blogs da biblioteca, do club de lectura ou da canle de youtube, recursos nos que tamén participa o Departamento.
- Traballo co alumnado no eido da creación videográfica (especialmente a través o Contrato-Programa).
- Formación do profesorado nos campos da realización e edición en vídeo.

22. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

No noso centro, segundo se recolle no Plan de convivencia e na Memoria Anual, non hai problemas graves neste punto e as condutas disruptivas son moi illadas. O Departamento transmite as liñas marcadas dende a dirección, difunde os puntos esenciais das NORF, potencia as medidas que faciliten a orde, a disciplina e o respecto mutuo e participa en todas as campañas nas que é solicitado para o cumprimento do Plan de convivencia do centro.

23. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

A área de Lingua Galega e Literatura xa conta, obviamente, cos contidos e criterios de avaliación e estándares que procuran o maior logro posible da Competencia Lingüística do alumnado. Entre eles, figuran algunhas das liñas de traballo que propoñemos como contribución ao PLC:

- Contribuír a que o galego siga sendo a lingua de comunicación oral de escrita da nosa comunidade educativa.
- Colaborar para que a comunidade educativa, nomeadamente o alumnado, continúe tendo unha actitude positiva cara á lingua.
- Desenvolver a consciencia lingüística do alumnado e traballar para desterrar calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- Colaborar para que a lingua galega siga tendo unha alta presenza nas producións TIC do centro (páxina web, blogs, canles de vídeo).
- Manter a colaboración co Servizo de Normalización Lingüística e a Área de Cultura do Concello para promover o uso da lingua en diferentes actividades.
- Colaborar con Equipo de Normalización Lingüística do centro en calquera das actividades que promova.
- Contribuír a un tratamento integrado das linguas en colaboración cos demais departamentos lingüísticos do centro.

23.1. Tratamento integrado de linguas

En relación coa última epígrafe do punto 20, os departamentos de linguas, con respecto ao TIL, acordaron o seguinte:

Criterios metodolóxicos básicos.

Co obxectivo de fomentar o uso das diferentes linguas e que o alumnado se adapte ás diversas situacións comunicativas e tipoloxías textuais, en contextos tanto formais ou académicos como sociais e cotiáns, traballarase a corrección ortográfica, morfolóxica e sintáctica, con riqueza léxica, frases elaboradas e diferentes conectores textuais. En todo caso cunha metodoloxía participativa e cooperativa que permita mostrar as súas producións orais e escritas, procurando a súa mellora e avance, facilitando a autoavaliación e espírito crítico.

Terminoloxía

Procurarase a unificación da nomenclatura entre os catro departamentos de linguas. En campos máis específicos, coma a sintaxe, seguiremos a terminoloxía da Escola Funcionalista de Santiago.

Tratamento de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Os estándares referidos a:

- Tipoloxía textual serán tratados en Lingua Española e Lingua Galega.
- Presentacións e textos expositivos serán tratados en Lingua Española e Lingua Inglesa.
- Debates serán tratados en Lingua Galega.
- Dramatizacións de situación cotiáns serán tratados en Lingua Inglesa e Lingua Francesa.
- Dramatización de textos literarios serán tratados en Lingua Española.
- Procura de información, manexo de dicionarios e fontes de consulta, tanto impresas como dixitais, serán impartidos polos catro departamentos.
- Creación de materiais audiovisuais, gravación e edición de vídeos, etc. serán tratados en Lingua Galega.
- Recoñecemento da diversidade lingüística e cultural con actividades que recoñezan e aproveiten as actividades e coñecementos dos outros departamentos de linguas e a colaboración entre eles, serán tratados nos catro departamentos.

Lectura de obras da literatura universal como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo serán tratados nos catro departamentos.

24. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares que se propoñen dende o Departamento procuran a máxima integración no currículo da ESO, pretenden axudar a desenvolver as competencias clave dos nosos alumnos e alumnas, queren contribuír a compensar as desigualdades que o noso alumnado ten no acceso á cultura e aspiran a ser o máis variadas posibles. Polo que respecta ás saídas didácticas, procuran aproveitar varios eventos no mesmo día ou estar coordinadas coas programadas por outro departamento. En canto ao número, son selectivas e están limitadas pola dispoñibilidade orzamentaria para que o custo das mesmas non implique que haxa alumnos ou alumnas que non poidan participar nas mesmas. Aínda que mantemos as que adoitaban realizarse en cursos precedentes, calquera delas dependerá da evolución da pandemia e do cumprimento da normativa sanitaria en cada momento.

Visita á exposición Galicia futura no museo Gaiás.

Participación nas campañas que se convoquen ao longo do curso por parte de distintas institucións, organismos ou colectivos e que o departamento considere de interese para a formación do alumnado. Tamén se colaborará coas iniciativas, campañas e conmemoración propostas polo centro.

Asistencia a representacións teatrais nas datas en que se representen as obras que o departamento considere axeitadas.

Roteiro Xeración Nós por Ourense.

Participación no Correlingua e nas actividades previas en Santiago no mes de maio.

Actividades sobre o autor do Día das Letras e Semana das Letras.

Gravación e edición en vídeo dun informativo.

Participación nas actividades previstas dentro da proxecto do Club de lectura.

Participación no Certame de Teatro Intercentros.

Participación nunha liña de Contrato-Programa.

25. APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS.

En relación co último punto do apartado anterior, unha das liñas de traballo máis importantes deste Departamento é a aprendizaxe baseada en proxectos. Á parte de pequenos proxectos de aula relacionados coas unidades correspondentes, o Departamento de Lingua Galega e Literatura leva a cabo dende hai varios anos un programa de excelencia educativa que ten como base fundamental o traballo audiovisual. Dende o ano 2009 vimos elaborando varios vídeos didácticos co alumnado de ESO que se comparten con todo o público interesado a través da web do centro e da nosa canle de youtube e que constitúen unha poderosa ferramenta de motivación e aprendizaxe. Dependendo da decisión que adopte a Real Academia Galega a finais de outubro, o proxecto terá como eixo a persoa homenaxeada o Día das Letras ou, en caso de que non a haxa, realizarase un vídeo sobre literatura de transmisión oral no concello de Rois.

26. MEDIDAS DE ADAPTACIÓN AO PROTOCOLO COVID.

Aula virtual. Todos os grupos de ESO están dentro do programa Edixgal. Polo tanto, este alumnado conta en todo momento cos recursos necesarios para continuar a aprendizaxe semipresencial ou en liña dende as súas casas en caso de corentena ou confinamento. Ademais, cada alumno/a conta cun correo corporativo seguro e están informados de cal é o correo do profesorado para calquera necesidade de comunicación. Por último, o propio programa edixgal conta cun sistema de mensaxería e foro de dúbidas por se for necesario.

Ademais, o alumnado conta con candanseu curso na aula virtual do centro que dada a similitude cos recursos edixgal, vai ter un uso moi limitado. Todo o alumnado deses cursos recibiu información sobre o acceso e a matrícula no curso.

27. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ademais do seguimento que nas reunións do departamento se fai da programación -nomeadamente ao final de trimestre- avalíase no final de cada curso o grao de cumprimento e posibles melloras ou cambios con respecto ao curso seguinte. Estas conclusións recóllense na última acta de reunión de Departamento de cada curso. De por parte, o alumnado, unha vez obtida a cualificación final do curso, avalía a través dun cuestionario o labor do profesorado, a metodoloxía empregada, os criterios e instrumentos de avaliación, en resumo, o proxecto didáctico. Os resultados dos cuestionarios, obviamente, son considerados á hora de continuar ou modificar a seguinte programación.

Análise inicial

Obxectivos:	Si	Non
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel?	X	
Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?	X	
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?	X	
Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia relaciónase?.	X	
Contidos:	Si	Non
Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos?	X	
Se explicitan os mínimos exixibles? para este nivel?	X	
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal	X	
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para tratar as linguas de xeito integrado?	X	
Metodoloxía:	Si	Non
Prevéronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións?	X	
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?	X	
Fron adecuados os espazos previstos?	X	
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.	X	
Avaliación	Si	Non
Explicitáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que acadar nos estándares?	X	
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna?	X	
Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado?	X	
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado coa materia pendente e do alumnado que repite curso?	X	
Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:	Si	Non
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos)?	X	
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?	X	
Actividades complementarias e extraescolares.	Si	Non
Valoráronse positivamente as actividades comp. e extraesc. do curso anterior?	X	

Tamén facemos nosa a seguinte táboa proposta pola Consellería segundo o modelo achegado ao centro (sendo 1 a puntuación máis baixa e 4 a máis alta):

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				x
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				x
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				x

4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				x
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				x
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				x
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				x
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				x
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				-
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				x
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.			x	
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).			x	
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				x
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				x
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				-
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				x
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				x
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				x
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				x
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				x
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				x
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				x
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				x
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				x
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.			x	
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				x
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				x
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				x
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				x
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				x

28. REFERENCIAS NORMATIVAS.

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora de la calidad educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e de Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e mais os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, e se regula o currículo e a oferta.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia.

29. BIBLIOGRAFÍA.

Aramburu Núñez, María Ángeles e Alén de la Torre, José María (2014): Guía para a elaboración de programacións didácticas LOMCE en Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato. Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e O.U., Servizo de Inspección Educativa, Pontevedra.

s.a. (2011) Directrices para a elaboración de programacións didácticas. CPI dos Dices.

Salgado López, Faustino J. e Quintela Rego, Fortunato J. (s.d.) Proceso de avaliación: procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Santiago.

VVAA (2011) *Guía didáctica*, Obradoiro-Santillana, Santiago

s.a (2015) Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.. (2015) Exemplo de programación didáctica, Xeografía e Historia, Consellería de Educación e O.U.

En Rois, a 11 de outubro de 2021.



O xefe de Departamento, Luís Gómez Aldegunde.

Anexo I Programación de Aula

1º ESO

1º ESO UNIDADE 1. A comunicación.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura, Gonzalo Navaza. A comunicación. Elaborar unha mensaxe cifrada. Actuar como intérprete.	As profesións O significado das palabras. Os son R e G. A diérese.		A Literatura. Características. Converter un texto en literio.	20 de setembro-8 de outubro.	29 de outubro

1º ESO UNIDADE 2. Comunicación oral.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Álvaro Cunqueiro. Tipos de comunicación oral. Elaborar o guión dunha exposición oral. Facer unha exposición oral.	A comunicación. A polisemia. Os sons k e z. Propiedades dun texto.		Literatura popular e culta. Escribir adiviñas populares.	11 de outubro-25 de outubro.	29 de outubro

1º ESO UNIDADE 3. Comunicación escrita.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Concepción Arenal. A comunicación escrita. Tipos de textos. Escribir unha biografía. Presentar a alguén.	A sinonimia. Os dereitos humanos. O son e a grafía b. O enunciado.	Diversidade cultural e lingüística.	Os xéneros literarios. Percebir características que diferencian xéneros.	29 de outubro-18 de novembro.	13 de decembro.

1º ESO UNIDADE 4. A narración.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Héctor Carré. A narración. Contar unha historia a partir de imaxes. Contar unha anécdota.	A antonimia. Os recursos naturais. As grafías b e v. A modalidade do enunciado.	O galego e a lusofonía.	A narrativa. Modificar o punto de vista da narración.	21 de novembro-10 de decembro.	13 de decembro.

1º ESO UNIDADE 5. A narración persoal.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Manuel Lourenzo. A narración persoal. A carta e o correo electrónico. Escribir un correo electrónico persoal. Contar unha experiencia persoal.	A homonimia. As culturas. A grafía h. A palabra. Clases e constituíntes.		O conto popular. Escribir un conto popular.	10 de xaneiro-31 de xaneiro.	14 de febreiro.

1º ESO UNIDADE 6. A narración xornalística.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Silvia Pontevedra. A narración xornalística. A noticia.	Escribir unha noticia. Relatar noticias.	A hiperonimia. A ecoloxía. A grafía x. O dígrafo ll. O substantivo. O artigo.	Variación lingüística: niveis e rexistros.	1 de febreiro-14 de febreiro.	14 de febreiro.

1º ESO UNIDADE 7. A descrición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Fernández Paz. A descrición. Elaborar unha ficha dun obxecto. Describir oralmente un obxecto.	O campo léxico. O cine. Regras xerais de acentuación. O adxectivo cualificativo.	Variación lingüística. Os dialectos.	A lírica. Facer a análise métrica dun poema.	21 de febreiro-7 de marzo.	31 de marzo.

1º ESO UNIDADE 8. A descrición de persoas.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Castelao. A descrición de persoas. O retrato. Escribir un retrato. Describir oralmente unha persoa.	A familia léxica. O baile. O acento diacrítico. Os determinantes.		Tradicións e formas da lírica. Compoñer formas estróficas.	8 de marzo-27 de marzo.	31 de marzo.

1º ESO UNIDADE 9. A descrición de lugares.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Parque natural. Descrición de lugares. O folleto turístico. Escribir un folleto turístico. Facer unha guía.	Palabras simples e compostas. O mar. O guión. A partición de palabras. Os pronomes persoais.	Usos e actitudes llingüísticos.	Linguaxe e recursos da lírica. Utilizar recursos estilísticos para expresar ideas.	31 de marzo ao 20 de abril.	2 de maio

1º ESO UNIDADE 10. O diálogo.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Laura Velasco. O diálogo. Escribir diálogos dun cómic. Improvisar unha conversa.	Os sufixos. A artesanía. Signos que limitan enunciados. O verbo.		O cómic. Crear un cómic.	18 de abril-29 de abril.	2 de maio

1º ESO UNIDADE 11. O diálogo espontáneo.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Leticia Costas. O diálogo espontáneo. A conversa dixital. Escribir unha conversa de chat. Intervir nunha conversa telefónica.	Os prefixos. O universo. A coma e o punto e coma. A conxugación verbal.		O teatro. Crear un texto dramático.	2 de maio-13 de maio.	4 de xuño.

1º ESO UNIDADE 12. O diálogo planificado.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Sechu Sende. O diálogo planificado. A entrevista. Facer unha entrevista. Entrevistar a alguén en directo.	A parasíntese. A radio. Os dous puntos e as comiñas. O adverbio. Os enlaces.	O galego na actualidade.	O teatro. A representación. Poñer en escena un texto teatral.	14 de maio-3 de xuño.	4 de xuño.

2º de ESO

2º ESO UNIDADE 1. A narración e a descrición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Leticia Costas A narración e a descrición. Elaborar unha caricatura. Relatar unha anécdota.	A orixe do léxico: o latín. Seres míticos. Regras ortográficas xerais. A organización da lingua.		Os textos literarios. Transformar un texto narrativo en dramático.	16 de setembro-8 de outubro.	3 de novembro

2º ESO UNIDADE 2. A exposición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Rodrigo Luna. A exposición. Redactar unha entrada dunha enciclopedia. Expoñer os resultados dunha enquisa.	A orixe do galego: substrato e superestrato. A ciencia. As maiúsculas. A oración. Modalidade oracional.		A narrativa. Escribir un microrrelato.	11 de outubro-25 de outubro.	28 de outubro.

2º ESO UNIDADE 3. A exposición xornalística.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Bemposta Exposición xornalística. A reportaxe. Escribir unha reportaxe. Comentar unha noticia.	Palabras patrimoniais e cultismos. A democracia. Regras xerais de acentuación. O suxeito. Oracións impersoais.	O plurilingüismo no Estado español.	A novela. Recomendar unha novela.	29 de outubro-15 de novembro.	13 de decembro.

2º ESO UNIDADE 4. A exposición académica.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Singala. Exposición académica. O informe. Elaborar un informe. Explicar unha lección.	Préstamos e estranxeirismos. As crenzas. Acentuación de ditongos e hiatos. O predicado.	O galego e a lusofonía.	A narrativa de aventuras. Que é un club de lectura?	21 de novembro-15 de decembro.	15 de decembro.

2º ESO UNIDADE 5. A exposición administrativa.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Fernández Paz. A exposición administrativa. A solicitude. Redactar unha solicitude.	Os neoloxismos. A hostalería. Casos especiais de acentuación. A diérese. Os complementos e as súas clases.		A narrativa de ficción científica. Analizar adaptacións cinematográficas de relatos de ficción científica.	8 de xaneiro-31 de xaneiro.	14 de febreiro.

2º ESO UNIDADE 6. A prescrición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura huffingtonpost A prescrición. Elaborar un manual de instrucións. Explicar normas de comportamento.	Os vulgarismos. A telefonía. O acento diacrítico. Os complementos verbais I	Valoración social das linguas: os prexuízos.	O texto poético. Analizar a letra dunha canción.	3 de febreiro-14 de febreiro.	14 de febreiro.

2º ESO UNIDADE 7. A argumentación.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Gemma Lienas. A argumentación. Escribir unha crítica. Participar nun debate.	Os dialectalismos. A igualdade. Comiñas e raia. Complementos verbais II.	O galego na actualidade.	A poesía social. Escribir un poema de tema social.	20 de febreiro-6 de marzo.	20 de marzo

2º ESO UNIDADE 8. A argumentación xornalística.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lecturas Piqueras/Mallo Argumentación xornalística. As cartas á dirección. Escribir unha carta á dirección dun xornal.	As relacións semánticas. O tempo cronolóxico. Signos que delimitan incisos. Modificadores do verbo e do substantivo.		A poesía intimista. Elaborar unha antoloxía poética.	7 de marzo-27 de marzo.	20 de marzo.

2º ESO UNIDADE 9. Argumentación académica.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura gciencia.com Argumentación académica. A recensión. Escribir a recensión dun libro. Elaborar un vídeo como booktuber.	Significado recto e figurado. O fútbol. Grupos consonánticos I. Oracións copulativas e predicativas.	A normalización lingüística.	Poesía e outras artes. Crear un caligrama e un poema visual	3 de abril-20 de abril.	4 de maio.

2º ESO UNIDADE 10. A argumentación administrativa.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Paula Carballeira. Argumentación administrativa. A reclamación. Redactar unha reclamación. Solicitar a devolución dunha compra.	Significado denotativo e connotativo. A administración. Grupos consonánticos II. Oracións transitivas e intransitivas.		A comedia. Escribir unha escena par unha comedia musical.	21 de abril-30 de abril.	4 de maio.

2º ESO UNIDADE 11. A publicidade I.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Paco Martín. A publicidade I. Elaborar un cartel publicitario. Facer unha cuña radiofónica.	Palabras tabú e efemismos. O comercio. Porque/por que/por qué; con que/conque.		A traxedia. Recitar o texto dunha traxedia.	5 de maio-29 de maio.	12 de xuño

2º ESO UNIDADE 12. A publicidade II

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura publicidade. Publicidade II: promotores e finalidades.	Abreviaturas e siglas. A publicidade. Se non/senón. De máis/demais. A oración simple.	Variación lingüística. Rexistros.	O drama. Elaborar o guión cinematográfico dunha escena.	30 de maio-11 de xuño.	12 de xuño.

3º de ESO

3º ESO UNIDADE 1. Tipos de textos.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Fernández Paz. Tipos de textos, modalidades e finalidades. Analizar un texto comunicativamente Usar a prosodia para diferenciar textos. Elaborar textos con distintas intencións comunicativas.	Significado das palabras no dicionario. O libro. A polisemia. A organización da lingua. Regras ortográficas xerais.	Formación e evolución das linguas peninsulares.	A literatura. Características e linguaxe. Proxectar a representación dun texto dramático.	16 de setembro-8 de outubro.	3 de novembro

3º ESO UNIDADE 2. A narración.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.

Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Saramago. A narración. Analizar un texto comunicativamente. Redactar un conto. Contar un conto.	O campo léxico. As relacións sociais. O texto e as súas propiedades. O son e a grafía b.	Historia social da lingua. A etapa medieval.	A literatura na Idade Media. Traballar cun repositorio en liña.	11 de outubro-25 de outubro.	3 de novembro

3º ESO UNIDADE 3. Tipos de textos narrativos.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Antón Riveiro. Tipos de textos narrativos. Analizar textos comunicativamente. Elaborar e interpretar mapas conceptuais.	A vestimenta. As familias de palabras. Os enunciados e os sintagmas. O son b. A grafía v.	Plurilingüismo. As linguas do Estado español.	As cantigas de amigo. Análise e comparada de dúas cantigas de amigo.	29 de outubro-15 de novembro.	15 de decembro.

3º ESO UNIDADE 4. A descrición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Suso de Toro. A descrición. Analizar textos comunicativamente. Describir e definir con precisión.	Significado recto e figurado. O tempo. A frase nominal. O núcleo. A grafía h.	Contacto entre linguas: o bilingüismo.	As cantigas de amor. Comentario literario dunha cantiga de amor.	21 de novembro-15 de decembro.	15 de decembro.

3º ESO UNIDADE 5. O diálogo.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Jordi Sierra. O diálogo. Analizar un texto comunicativamente. Intervir nun debate.	O significado denotativo e connotativo. Os sentimentos. A frase nominal. O modificador. As grafías s e x. Palabras con es-/ex-	Contacto entre linguas: a diglosia e o conflito lingüístico.	Cantigas satíricas e xéneros menores. Analizar a imaxe da muller nas cantigas satíricas.	8 de xaneiro-31 de xaneiro.	14 de febreiro.

3º ESO UNIDADE 6. A exposición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Pascual Serrano. A exposición. Analizar un texto comunicativamente. Elaborar un traballo monográfico.	Sinonimia e antonimia. As TIC. A frase nominal. O determinante. O dígrafo ll, as grafías n e ñ.	A consideración social das linguas.	Cantigas de Santa María. Prosa medieval.	3 de febreiro-14 de febreiro..	14 de febreiro.

3º ESO UNIDADE 7. Tipos de textos expositivos.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
-----------	--	--	--	------------------	----------------------

Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Ahige. Tipos de textos expositivos. Analizar un texto comunicativamente. Redactar un informe. Presentar as conclusións dun informe.	A homonimia e a hiperonimia. A educación en valores. O predicado I Regras xerais de acentuación.	Historia social da lingua: séculos XVI-XVIII.	A literatura nos ss. XVI, XVII e XVIII.	20 de febreiro-6 de marzo.	20 de marzo.

3º ESO UNIDADE 8. A argumentación.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Daniel García Barros. A argumentación. Analizar un texto comunicativamente. Cubrir unha folla d reclamacións. Facer unha reclamación.	A derivación: prefixos. A xustiza. O predicado II. Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos.	O galego e a lusofonía.	A literatura no s. XIX (1808-1863)	7 de marzo-27 de marzo.	20 de marzo.

3º ESO UNIDADE 9. Os medios de comunicación

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Paco Martín. Os medios de comunicación e os xéneros xornalísticos. Analizar textos comunicativamente. Escribir unha recensión. Recomendar lecturas.	A derivación. Os sufixos. Os medios de comunicación. Os pronomes persoais. Acentuación diacrítica I.	Historia social da lingua: conciencia lingüística e dignificación.	O Rexurdimento. Interpretar un texto paródico.	3 de abril-20 de abril.	4 de maio.

3º ESO UNIDADE 10. A noticia e a crónica.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Pritzker contra o machismo. A noticia e a crónica. Analizar textos comunicativamente. Retransmitir unha noticia. Escribir unha crónica.	A composición. A arquitectura. O adverbio. Os enlaces. Acentuación diacrítica II.	Linguas en contacto. O proceso de normalización.	Rosalía de Castro. Analizar a problemática da muller en Rosalía.	21 de abril-30 de abril.	4 de maio.

3º ESO UNIDADE 11. A entrevista.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
A vida do nadador. A entrevista. Facer unha entrevista e transcribila.	A parasíntese. A natación. A oración e os seus constituíntes. signos que limitan enunciados	Variación lingüística: niveis, rexistros e dialectos.	Manuel Curros Enríquez. Análise do compromiso cívico de Curros.	5 de maio-29 de maio.	12 de xuño.

3º ESO UNIDADE 12. A reportaxe e o artigo de opinión.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		

Lectura Malala. A reportaxe e o artigo de opinión. Analizar un texto comunicativamente. Escribir unha carta á dirección dun xornal.	A abreviación. A educación. Os complementos do verbo. Outros signos de puntuación.	Contacto entre linguas: alternancia de códigos e interferencias.	Eduardo Pondal. Interpretación do poema que deu letra ao Himno galego.	30 de maio-11 de xuño.	12 de xuño.
--	---	---	---	------------------------	-------------

4º de ESO

4º ESO UNIDADE 0. Aprendizaxes non adquiridas no curso anterior

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura dunha antoloxía de textos de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal	A parasíntese Funcións sintácticas. (Repaso)	Historia social da lingua: 1916-1936. (repaso)	Comentar textos de Rosalía, Curros e Pondal. Coñecer os núcleos temáticos e os tipos de poesía destes autores.	24 de setembro-14 de outubro.	15 out.

4º ESO UNIDADE 1. A exposición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura H. Cajaraville. A exposición. Analizar un texto comunicativamente. Redactar unha proposta de proxecto. Presentar un proxecto.	A procedencia do léxico. O atletismo. O enunciado e as súas clases. As maiúsculas.	Historia social da lingua: 1916-1936.	A poesía das Irmandades. Comentar un poema cívico de Cabanillas.	24 de setembro-8 de outubro.	3 de novembro.

4º ESO UNIDADE 2. Xéneros xornalísticos I

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Lorena Bustabad Xéneros xornalísticos informativos. Analizar un texto comunicativamente.	A formación do léxico. A historia. A oración. Suxeito e predicado. Repaso acentuación I	Multilingüismo. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas.	A poesía das vangardas. Comentar un poema vangardista.	11 de outubro-25 de outubro.	3 de novembro.

4º ESO UNIDADE 3. A argumentación.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Einés Monteagudo. A argumentación. Analizar un texto comunicativamente. Elaborar unha fotonoticia.	A aplicación do léxico I A sandidade. Os complementos verbais. Repaso de acentuación II.	A valoración social das linguas: os prexuízos lingüísticos.	A época das Irmandades. O Grupo Nós I. Analizar a figura de Otero Pedrayo na cultura galega.	29 de outubro-15 de novembro.	15 de decembro.

4º ESO UNIDADE 4. Os xéneros xornalísticos II

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		

Lectura Manuel Rivas. Xéneros xornalísticos de opinión. Analizar un texto comunicativamente.	A ampliación do léxico II. A migración. A oración composta. A coma e o punto e coma.		A prosa da época das Irmandades. O Grupo Nós II. Comentar un relato de Dieste.	21 de novembro-15 de decembro.	15 de decembro.
--	---	--	--	--------------------------------	-----------------

4º ESO UNIDADE 5. Os textos científicos.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Francisco Castro. Os textos científicos. Analizar un texto comunicativamente. Preparar e expoñer un traballo académico.	A ampliación do léxico III. A Rede. A xustaposición e a coordinación. Os dous puntos e as comiñas.	Historia social da lingua: o galego moderno (1936-1978)	A literatura galega do exilio. Analizar a represión en textos literarios e non literarios da época.	9 de xaneiro-26 de xaneiro	16 de febreiro.

4º ESO UNIDADE 6. Comunicación administrativa.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Francesco Tonucci. Comunicación administrativa: a solicitude. Analizar un texto comunicativamente. Solicitar información telefónicamente.	Procedementos de formación de palabras I A cidade. A subordinación. Enlaces subordinantes. Parénteses, raia e guiño.	As linguas do Estado español.	A poesía de 1936 a 1976 I. Analizar a expresión do sentimento amoroso nos poetas de posguerra.	3 de febreiro-14 de febreiro.	14 de febreiro.

4º ESO UNIDADE 7. Comunicación laboral I

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Singala. Comunicación laboral I. O currículo. Analizar un texto comunicativamente. Concertar unha entrevista de traballo.	Procedementos de formación de palabras II. O traballo. A subordinación substantiva e adxectiva. Os puntos suspensivos.	Variación lingüística I. Niveis e rexistros.	A poesía de 1936 a 1976 II. Analizar o socialrealismo e a poesía política nas xeracións de posguerra.	20 de febreiro-6 de marzo.	20 de marzo.

4º ESO UNIDADE 8. Comunicación laboral II.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Héctor Carré. Comunicación laboral II. A carta de presentación. Analizar textos comunicativamente. Redactar unha carta de presentación.	Denotación e connotación. A arte. A subordinación adverbial I. O son b. A grafa b.		A prosa de 1936 a 1976 I	7 de marzo-27 de marzo.	20 de marzo.

4º ESO UNIDADE 9. Comunicación laboral III. O contrato.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		

Lectura Rosa Aneiros. Comunicación laboral III: o contrato. Analizar un texto comunicativamente. Facer unha entrevista de traballo.	Relacións semánticas I As viaxes. A subordinación adverbial II. O son b, a grafía v.	Variación lingüística II. Os dialectos.	A prosa de 1936 a 1976 II. Analizar a visión da infancia na narrativa de posguerra.	3 de abril-20 de abril.	4 de maio.
--	--	---	--	-------------------------	------------

4º ESO UNIDADE 10. A prescrición.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Teresa Moure. A prescrición. Analizar un texto comunicativamente. Redactar un decálogo.	Relacións semánticas II As plantas. Sinopse da oración composta. A grafía x. Parónimos con s/x.	Historia social da lingua: de 1978 á actualidade.	A poesía de 1978 á actualidade. Analizar a visión feminina na poesía desde 1976.	21 de abril-30 de abril.	4 de maio.

4º ESO UNIDADE 11. A publicidade.

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Raquel C. Pico. A publicidade. Analizar textos comunicativamente. Analizar campañas de sensibilización.	Relacións semánticas III. A cultura. O texto I A grafía h. Homófonos con e sen h.	O galego e a lusofonía.	A prosa galega de 1976 á actualidade. Analizar textos de narrativa infantil e xuvenil.	5 de maio-29 de maio.	12 de xuño.

4º ESO UNIDADE 12. A publrreportaxe

Contidos.				Temporalización.	Proba de avaliación.
Falar e escoitar/ler e escribir.	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria.		
Lectura Xavier Navaza. A publrreportaxe. Analizar un texto comunicativamente. Analizar a publicidade desde unha perspectiva ética.	Relacións semánticas IV. O consumo. O texto II. O dígrafo II. Parónimos con l e ll.		O teatro de 1916 á actualidade. Comentar un texto teatral.	30 de maio-11 de xuño.	12 de xuño.

Anexo II. Modelo de rúbrica de textos escritos 2º, 3º e 4º de ESO

Rubrica para textos escritos.

Alumno/a		
Puntuación:		
ADECUACIÓN	COHERENCIA E COHESIÓN	CORRECCIÓN
A. 3 Cumpre moi ben a tarefa Desenvolve todos os puntos cun contido relevante e adecuado. Axústase ao tipo de texto requirido e utiliza un rexistro adecuado á situación comunicativa.	A. 3 Cumpre moi ben a tarefa O texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están ben estruturadas en oracións e parágrafos. Fai uso adecuado dos conectores e dos signos de puntuación.	A. 4 Cumpre moi ben a tarefa Presenta un bo control gramatical das estruturas propias do seu nivel. Fai un uso correcto do vocabulario e bo dominio da ortografía adecuado ao seu nivel.
B. 2 Cumpre ben a tarefa. Desenvolve todos os puntos cun contido, en xeral, relevante e adecuado. En xeral, axústase ao tipo de texto requirido e utiliza un rexistro adecuado á situación comunicativa.	B. 2.5 Cumpre ben a tarefa. En xeral, o texto lese de maneira fluída. A información e as ideas están, en xeral, ben estruturadas en oracións e parágrafos. Fai uso adecuado dos conectores e dos signos de puntuación.	B. 2.5 Cumpre ben a tarefa. Presenta, en xeral, un bo control gramatical das estruturas propias do seu nivel. En xeral, fai un uso correcto do vocabulario e bo dominio da ortografía adecuado ao seu nivel.
C.1.5 Cumpre con suficiencia a tarefa. Desenvolve todos os puntos, aínda que o contido é ocasionalmente pouco relevante. En xeral, axústase ao tipo de texto requirido e utiliza un rexistro adecuado á situación comunicativa, aínda que ocasionalmente pode presentar inconsistencias.	C.1.5 Cumpre con suficiencia a tarefa. En xeral, o texto lese de maneira suficientemente fluída, aínda que nalgún momento presenta dificultades na comprensión. A información e as ideas están, en xeral, suficientemente ben estruturadas en oracións e parágrafos. Fai uso suficientemente adecuado dos conectores e dos signos de puntuación.	C. 2 Cumpre con suficiencia a tarefa. Presenta un control gramatical suficiente das estruturas propias do seu nivel, aínda que presenta erros ocasionais que poden dificultar a comprensión. Fai un uso suficientemente correcto do vocabulario e da ortografía adecuado ao seu nivel.
D.1 Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Non desenvolve ou desenvolve insuficientemente todos os puntos. O contido non é relevante. Non se axusta ao tipo de texto nin ao formato, e o rexistro non é adecuado á situación comunicativa.	D.1 Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. O texto lese con dificultade. A información e as ideas están desordenadas e o uso correcto dos conectores é inadecuado. O uso dos signos de puntuación é inadecuado ou dificulta a comprensión.	D.1 Non cumpre satisfactoriamente a tarefa. Presenta un dominio gramatical e léxico insuficiente para o nivel, con erros frecuentes que dificultan a comprensión. Comete erros frecuentes de ortografía.
E. 0 Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, ilexible ou irrelevante.	E. 0 Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, ilexible ou irrelevante.	E. 0 Non cumpre a tarefa. Insuficiente para avaliar, ilexible ou irrelevante.

Rubrica deberes 1º de ESO

	1	0,75	0,5	0,25
--	---	------	-----	------

Cumprimento da tarefa	Sempre toma nota do enunciado e contesta correctamente, inclúe exemplos e notas ou alusións tomadas da aula	Case sempre toma nota do enunciado e contesta correctamente.	Contesta sempre as actividades pero ás veces ofrece respostas incompletas ou erróneas	Ten chamadas negativas de actividades
-----------------------	---	--	---	---------------------------------------

Rúbrica caderno de exercicios 1º de ESO

	1	0,5	0,5	0,25
En tempo	Preséntaa cando se solicita sen atraso	Preséntaa máis cando se solicita sen atraso	Necesita tempo extra para completala	Necesita tempo extra para completala
Presentación	Limpeza e letra clara. Respecta marxes, parágrafos e comezo de avaliación e tema	Presentación correcta en canto a limpeza e claridade	Presentación correcta en canto a limpeza e claridade	Incorrecta presentación en canto a ortografía, limpeza e claridade
Contidos	Presenta todo o aprendido na aula, actividades, deberes, toma de notas	Presenta practicamente todo o aprendido na aula, con actividades, deberes, toma de notas	Faltan actividades, non toma notas.	Faltan actividades, non toma notas.
Organización	Organización temporal	Hai algunhas partes desordenadas	Hai algunhas partes desordenadas	Hai partes desordenadas
Autocorrección	As actividades aparecen corrixidas e non volve repetir os erros	As actividades aparecen corrixidas e poucas veces volve repetir os erros	Sínálanse os erros pero repíteos acotío.	Faltan actividades, non toma notas.